

Jacob Copeman

Nado en Redhill (Reino Unido), Jacob Copeman obtivo o seu doutoramento no 2007 na Universidade de Cambridge (Reino Unido). En 2009 incorpórase ao Departamento de Antropoloxía Social da Universidade de Edimburgo (Reino Unido).

No 2018, obtivo un **ERC Consolidator Grant** para o desenvolvemento do proxecto [ROSA: Religion and Its Others in South Asia and the World](#). Cun orzamento de 2 M€, o proxecto ROSA examina as formas en que os individuos e as comunidades consideran, á vista ou en transcricións máis agachadas, cuestións sobre as normas relixiosas dominantes no sur de Asia. Malia que este proxecto se basea na etnografía de Asia Meridional, tamén se estende máis alá desta rexión, co fin de examinar as implicacións globais dos debates e accións críticas que se atopan alí.

Recientemente recibiu subvencións da axencia de financiación paneuropea, a Fundación Independiente de Investigación Social (ISRF) (en colaboración co Dr. Patrick McCartney, da Universidade de Hiroshima), y do Leverhulme Trust do Reino Unido (en colaboración co Profesor Arkotong Longkumer, da Universidade de Edimburgo). Tamén participou nun gran proxecto financiado polo Leverhulme Trust, con sede na Universidade de Sussex, que se centrou na economía da peregrinación.

O doutor Copeman incorporouse, en 2021, ao programa Oportunius de Investigador Distinguido adscrito á Facultade de Xeografía e Historia da use onde está a completar o proxecto ROSA. Tamén está adscrito ao Centro de Investigación das Paisaxes Culturais (CISPAC), con sede na Cidade da Cultura en Santiago de Compostela.

O seu traballo enfocase nos eidos da antropoloxía médica, lingüística e relixiosa, e mais nos estudos sobre o sur de Asia en xeral. A meirande parte da súa investigación etnográfica levouse a cabo no norte da India, centrada no intercambio biolóxico e as economías de sangue, o ateísmo e a non relixión, a política dos nomes persoais e as prácticas de denominación, e mais as variedades de liderado espiritual. Durante o seu doutoramento afondou sobre as múltiples facetas da doazón de sangue na India, e isto permitiulle vencellar as discusións clásicas da teoría do don cos debates máis recentes da antropoloxía do corpo. A partir deste traballo desenvolveu un interese non só polos gurús contemporáneos, senón tamén pola súa aparente antítese, os activistas non relixiosos. Este interese levoulle a participar na recente aparición do crecente eido da antropoloxía da non relixión secular.

Entre os seus méritos científicos cabe salientar que foi investigador visitante en prestixiosas entidades de investigación coma o Japan's National Museum of Ethnology (Osaka), o Centre d'Études de l'Inde et de l'Asie du Sud (París), India's National Law University (Nova Deli) e The Open University.

A súa monografía máis recente *Hematologies: The Political Life of Blood in India* (2019), escrita en colaboración con Dwaipayan Banerjee, explora como o sangue se



move a través do tempo e do espazo, creando novas tipos de colectividade sociais ao tempo que reaniman formas máis antigas, buscando desenvolver un novo enfoque da vida política india. A súa primeira monografía - *Veins of Devotion: Blood Donation and Religious Experience in North India* - publicouse en 2009. A partir dunha ampla investigación etnográfica, o libro combinou antropoloxía médica e relixiosa para mostrar como as novas formas de culto devocional permiten e producen os contextos de masas de transferencias biolóxicas.

Os seus traballos máis novos son dous libros de acceso aberto coeditados e publicados en 2023: (1) *Gurus and Media: Sound, image, machine, text and the digital* (UCL Press) e (2) *An Anthropology of Intellectual Exchange: Interactions, Transactions and Ethics in Asia and Beyond* (Berghahn).

Outras coleccións editadas deste autor inclúen o primeiro tratamento importante das relacións entre a non relixión e os medios (*Global Sceptical Publics: From Nonreligious Print Media to 'Digital Atheism'*, 2022, con Mascha Schulz); consideración da vida social das falsificacións (*Fake: Anthropological Keywords*, 2018, con Giovanni da Col), as sociedades globais de doazón e transfusión de sangue (*Blood Donation, Bioeconomy, Culture*, 2009) e as implicacións sociais de varios modos de intercambio biolóxico no Sur de Asia (*Economías de tecidos do sur de Asia*, 2013); modos e variedades do gurú (*The Guru in South Asia: New Interdisciplinary Perspectives*, 2012, con Aya Ikegame); teoría social influenciada por Marilyn Strathern (*Social Theory after Strathern*, 2014, con Alice Street); e nomes e prácticas de nomenclatura (*On Names in South Asia: Iteration, (Im)propriety and Dissimulation*, 2015, con Veena Das).